

Organizacións e colectivos estudantís convocan folga o 26 de Febreiro

SERMOS GALIZA :: 24/12/2014

Organizaciones y colectivos estudiantiles convocan huelga el próximo 26 de febrero

As organizacións estudantís galegas, xunto con outros colectivos e asembleas, chaman a parar o **26 de Febreiro** as universidades e escolas na defensa do ensino público e contra a "miseria, precariedade, a falta de recursos e de expectativas" que están a promover os gobernos de Madrid e da Xunta.

A convocatoria, lanzada por **Agir, Comités e a Liga, Acción Universitaria, AEOP, ARDE, Asemblea Aberta de Lagoas, Asemblea Campus Histórico, Asemblea Campus Sur, Asemblea EcoAde, Asemblea de Estudantes de Burela, Asemblea Estudiantil do Couto, Asemblea Filoloxía, Asemblea FP Politécnico e CEL.** parte dun proceso "diálogo, debate e deliberación asemblearia" na que confluíron as organizacións estudantís, colectivos e asembleas asinantes. No manifesto conxunto chaman a "berrar cunha soa voz" contra a precariedade laboral entre o profesorado e os recortes no ensino público.

"Opoñémonos xuntas a que nos quiten as bolsas, a que endurezan os requisitos para obtelas mentres recortan e deixan a campus e institutos en situacións dramáticas, cunhas infraestruturas avellentadas e cun profesorado que cada vez é menos e cunhas condicións de traballo máis duras", explican no texto difundido através dos seus portais web.

Aliás, salientan a súa defensa dun "ensino público e de calidade" que tire das aulas "o patriarcado" e promova unha educación "en igualdade".

Cumprido protagonismo queren darlle nesta xornada de loita a situación lingüística que atinxe Galiza. O descenso do número de falantes, alertan, sitúa a lingua galega na "peor crise da historia" polo que exigen, din, "un ensino monolingüe" que sexa tamén "científico" e "popular".

Organizacións estudantís asinan un manifesto conxunto

Pola súa banda, as organizacións estudantís Agir, Comités e Liga, asinaron un manifesto conxunto no que chaman o estudantado galego a se mobilizar e baleirar os centros de estudo fronte o contexto actual marcado, din, por unha crise económica que é usada como "pretexto" para "abafar" as maiorías sociais mentres "enche os petos das elites políticas e económicas".

No manifesto pendurado nos seus portais web as organizacións estudantís da esquerda independentista e nacionalista aseguran que **"o ensino non é alleo a esta situación" como reflicten as "políticas da tesoirá"**.

"Estes continuos ataques ao ensino público denótanse na redución e endurecemento das bolsas xerais, das axudas para libros de texto e do material escolar, na eliminación das axudas para comedores escolares e, en xeral, na redución da calidade e precariedade da

situación laboral das traballadoras", afirman.

E é que para o vindeiro ano 2015 a Xunta de Galiza recortará un 20% os orzamentos destinados ao ensino así como se prevé a aplicación da Estratexia Universidade 2015 que se suma ao Plan Boloña instaurado nos últimos anos. **"Adaptan as aulas e os plans de estudo a unha situación na que a única saída para as mozas que rematan os seus estudos son a emigración ou a escravitude"**, denuncian as organizacións estudantís. "Impóñennos miseria, precariedade, esíxennos esforzos e sacrificio, mentres eles aumentan os seus beneficios e manteñen intacto o statu quo á nosa costa".

Neste senso, instan o estudantado a **"construír desde as rúas un ensino verdadeiramente público e galego"** e a "non ficar caladas mentres destrúen o pouco público que queda" mais tamén a "loitar" por un "ensino popular, científico, antipatriarcal e galego".

Fe de grallas. Este artigo foi editado após a súa publicación. Por erro atribuíuse a convocatoria inicial ás organizacións estudantís e díxose que con posterioridade se adheriran a ela outros colectivos e asembleas. Porén, a convocatoria partiu dun proceso de debate previo no que todos os axentes estudantís participaron en pé de igualdade.

<https://galiza.lahaine.org/organizacions-e-colectivos-estudantis-convocan>